

## **A ILUSTRACIÓN**

- Desenvólvese no s. XVIII.
- Propugna o triunfo da razón sobre a superstición.
- Os nosos ilustrados formularán propostas para sacar ao país do atraso económico, mellorar a educación e dignificar o galego.

### **PRINCIPAIS ILUSTRADOS**

#### ***MARTÍN SARMIENTO***

Principal figura dos ilustrados galegos.

Pioneiro nos estudos lingüísticos. Escribiu varios glosarios a partir da recolleita dunha ampla cantidade de léxico galego procedente da documentación medieval e de enquisas sobre o terreo que realizou nas súas viaxes.

Defendeu a utilidade de empregar o galego no ensino para facilitar aos rapaces galegos o ensino do latín.

Recomendou o uso do galego nos oficios relixiosos e nos procedementos administrativos da vida cotiá. Por iso defendeu que as persoas que desempeñaban cargos eclesiásticos e administrativos en Galicia coñecesen o galego.

Combateu os prexuizos sobre a lingua galega (as burlas sobre a pronuncia...) criticando tamén o desprezo que os propios galegos manifestaban cara a súa lingua.

Subliñou a necesidade de elaborar un estándar culto e de confeccionar obras sobre o idioma, así como cancioneros que compilasen a literatura popular.

Coloquio de 24 gallegos rústicos. Nesta obra o protagonista é colectivo, é o pobo galego, o cal debate sobre acontecementos políticos do momento ( morte de Filipe V, coroación de Fernando VI, situación que padecían os labregos, etc,) a través de vinte e catro galegos ( os rústicos) e un poeta, Marcos Portela.

#### **Outros ilustrados:**

Benito Jerónimo Feijoo.

Xosé Cornide Saavedra

Diego Cernadas de Castro